

ORDE do 30 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á modernización tecnolóxica e dixital nas estacións de servizo de ámbito rural da Comunidade Autónoma de Galicia, así como ao desenvolvemento de actuacións dirixidas a mellorar a súa seguridade, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025. Consellería de Economía e Industria. DOG nº 131, (10/07/2025)

Obxectivo

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións para a realización de actuacións **de modernización tecnolóxica e dixital nas estacións de servizo de ámbito rural** da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o desenvolvemento de actuacións dirixidas a mellorar a súa seguridade, para o ano 2025, promovendo a mellora da eficiencia operativa, o acceso a servizos financeiros por parte da poboación e o desenvolvemento económico mediante a incorporación de tecnoloxías innovadoras. (procedemento IN519F)

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de **concorrencia competitiva**.

Beneficiarios

Pemes e autónomos titulares de estación de servizo situadas nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia de **menos de 20.000 habitantes**, que realicen investimentos para a modernización tecnolóxica e dixital das estacións de servizo, que cumpran os seguintes requisitos:

- Que a empresa figure de **alta na clase 47.30 Comercio polo miúdo de combustible para automóbiles (CNAE-2025)**
- Ter como mínimo **dous empregados contratados por conta allea** e dados de alta con contratos **indefinidos**. (En concellos de menos de 2.000 habitantes, será suficiente con ter un empregado por conta allea con contrato indefinido ou que o titular sexa un empresario autónomo)
- Que a estación de servizo figure inscrita no Rexistro de Instalacións de Distribución polo Miúdo de Produtos Petrolíferos Líquidos

Gastos subvencionables

- A adquisición e/ou instalación de sistemas e **equipamentos dixitais para a mellora da xestión operativa** da estación de servizo.
- A implantación de sistemas e **equipamentos asociados ao pagamento** na estación de servizo, así como servizo de retirada de diñeiro en efectivo.
 - Sistemas e equipamentos dixitais para a mellora do pagamento.
 - Servizo de retirada de diñeiro en efectivo.
- A integración de **plataformas dixitais** para a optimización da operativa de adquisición de produtos e servizos ofrecidos no establecemento.
- A adquisición e/ou implantación de sistemas e equipamentos dirixidos a **mellorar a seguridade** da estación de servizo.

e) A adquisición e/ou implantación de sistemas e equipamentos dirixidos a garantir os servizos ofrecidos pola estación de servizo en caso **interrupción da subministración de enerxía eléctrica** a través da rede de distribución.

e.1) Sistemas de alimentación ininterrompida asociados aos equipamentos dixitais.

e.2) Grupos electrógenos destinados a garantir a subministración de enerxía eléctrica..

Serán subvencionables os custos directamente relacionados coa execución das actuacións Indicadas, incluíndo custos de adquisición, instalación, configuración, formación do persoal no uso de novas tecnoloxías e obras necesarias para a implantación dos sistemas anteriores.

Non se subvencionarán os gastos de legalización, taxas, licenzas, aranceis, bens de segunda man nin o IVE.

Período subvencionable

Consideraranse subvencionables todos os gastos realizados **desde o 1 de xaneiro de 2025** ata a data de xustificación do investimento.

Contía da axuda

Con carácter xeral, a intensidade das axudas será dun **50 %** do importe total do custo elixible da actuación e cun **máximo de 30.000 €** por beneficiario.

Para actuacións da tipoloxía e.2) a intensidade da axuda será do **80%** cun **máximo de 5.000 €**

Criterios de valoración

Os proxectos que se presenten serán técnica e economicamente viables, establecéndose os seguintes criterios de valoración:

1. Impacto das tipoloxías de actuación na mellora dos servizos ofrecidos (ata un máximo de 60 puntos).
2. Contribución ao desenvolvemento económico e social de zonas rurais (ata un máximo de 30 puntos).
3. Viabilidade do proxecto (ata 10 puntos).

Presentación de solicitudes

O prazo para presentar a solicitude vai dende o **11 de xullo ao 24 de agosto de 2025**.

Réxime de minimis

As axudas establecidas nesta orde quedan sometidas ao réxime de axudas *de minimis*.